

CERTIFICACIÓN

José Rogelio Pardo Martínez, secretario accidental do Concello de Ames (A Coruña)

Certifico: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 06 de agosto de 2026, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

PUNTO CUARTO. APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DESTINADAS AO APOIO ECONÓMICO ÁS FAMILIAS NUMEROSAS DO CONCELLO DE AMES. EJERCICIO 2026. EXPEDIENTE GD 12058/2026

No Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2026 – 2027 aprobado por acordo plenario en sesión celebrada en data 29.01.2026, recóllese expresamente esta liña de axudas:

LINEA DE SUBVENCIÓN	SUBVENCÍONS FAMILIAS NUMEROSAS
OBXECTIVOS	Proporcionar apoio económico a aquelas familias cualificadas como numerosas pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia ou organismos análogos doutras Comunidades Autónomas.
EFFECTOS PRETENDIDOS	Preténdese chegar a aquelas familias numerosas que presentan una maior necesidade de apoio, acreditada mediante a renda per cápita familiar. Esta política de trato favorable a un grupo tan sensible coma este reviste un especial interese para un Concello como o de Ames, na medida en que favorece o incremento de poboación, actuando ademais sobre o segmento de idade máis atractivo para posibilitar o crecemento demográfico do noso municipio sexa sostido no tempo.
DESTINATARIOS	Unidades de convivencia que teñan fixada a súa residencia habitual no concello de Ames e contén co título de familia numerosa
PRAZO CONSECUCIÓN OBXECTIVOS	2026-2027
CUSTE ANUAL PREVISTO 2026	100.000,00
CUSTE ANUAL PREVISTO 2027	100.000,00
FUNCIONAL	2311
ECONÓMICA	48902
FINANCIAMENTO	Fondos propios con cargo á funcional sinalada
PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN	Concurrencia competitiva

Figura no expediente Providencia de inicio da Alcaldía
([CSV:15220IDOC2A85C2D41FEDA9D4289](#))

Figura informe proposta da Concellería de Benestar Social de inicio de expediente e bases reguladoras da convocatoria ([CSV:15220IDOC26E7721440DADE649B9](#))

Figura informe da Secretaría xeral sobre o procedemento
([CSV:15220IDOC21573F45DEAE673469B](#))

Figura informe de fiscalización favorable da Intervención municipal
([CSV:15220IDOC271F4C5AA4CBAFB48B7](#))

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes,

previa delegación do alcalde (decreto 1983/2023, BOP núm. 120 do 26.06.2023), adopta os seguintes acordos:

Primeiro. Aprobar a convocatoria de Axudas destinadas ao apoio económico as familias numerosas do Concello de Ames, exercicio 2026.

Segundo. Aprobar as Bases reguladoras da convocatoria que figuran como ANEXO a este acordo.

Terceiro. Aprobar o gasto por importe de 100.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 2311.489.02 do orzamento para o exercicio 2026.

Cuarto. Ordenar a publicación do Acordo seguindo o procedemento establecido no artigo 20.8 da LXS, a través do envío do estrato da convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións quen o remitirá ao BOP. As bases publicaranse integramente na páxina web do Concello de Ames. O prazo de presentación das solicitudes será dun mes a contar desde o día seguinte á publicación do estrato da convocatoria no BOP.

Quinto. Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais afectados aos efectos oportunos.

Sexto. Facultar ao alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións sexan precisas para a mellor execución do acordado.

ANEXO

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DESTINADAS AO APOIO ECONÓMICO ÁS FAMILIAS NUMEROSAS DO CONCELLO DE AMES. EXERCICIO 2026

Datos do programa:

Concellaría	Servizos sociais
Anualidade	2026
Denominación	Subvencións destinadas ao apoio económico ás familias numerosas do Concello de Ames.
Persoas Beneficiarias	Unidades de convivencia que teñan fixada a súa residencia habitual no Concello de Ames, cun mínimo dun ano de antigüidade ininterrompido á data de formulación da solicitude que cumpran os requisitos establecidos na base 5
Aplicación orzamentaria	2311.489.02
Importe da convocatoria	100.000,00 €
Importe da subvención que se vai conceder	O importe individual das subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria será de 1.200,00 € por unidade de convivencia, agás: - as familias acolledoras en réxime de acollemento

	temporal que percibirán a contía proporcional equivalente ao tempo de duración do acollemento. - as familias monoparentais que percibirán 1.500,00€
--	---

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Ames, no marco das súas competencias en materia de servizos sociais recollidas na Lei 13/2008, de 3 de decembro de servizos sociais de Galicia e na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, destina importantes recursos aos colectivos vulnerables, entre os que se atopan as familias numerosas do Concello.

A finalidade desta convocatoria é proporcionar apoio económico a aquelas familias cualificadas como numerosas pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia ou organismos análogos doutras Comunidades Autónomas.

1.- BASES XERAIS

O Concello de Ames aprobou a ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ames que recolle o contido xeral das bases das subvencións convocadas polo Concello. Esta ordenanza foi modificada e está publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 106, do 8 de xuño de 2026.

2.- BASES ESPECÍFICAS

BASE 1.- OBXECTIVOS DA CONVOCATORIA

Esta convocatoria ten por obxecto establecer os criterios e procedementos para a concesión de subvencións, durante o exercicio 2026, destinadas ás familias cualificadas como numerosas pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia ou organismos análogos doutras Comunidades Autónomas conforme a disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local, na Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, na Lei 38/2003, de 17 de novembro xeral de subvencións e no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como no Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais.

A través da presente convocatoria, a Concellaría delegada de Servizos Sociais propónse a consecución dos seguintes obxectivos:

1.1 OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS, OU DE PRIMEIRO NIVEL.

- **COMPOÑENTE SOCIAL.** Preténdese chegar a aquelas familias numerosas que presentan unha maior necesidade de apoio, acreditada mediante a renda per cápita familiar.
- **FIXACIÓN DE POBOACIÓN.-** Esta política de trato favorable a un grupo tan sensible coma este reviste un especial interese para un Concello como o de Ames, na medida en que favorece o incremento de poboación, actuando ademais sobre o segmento de idade máis atractivo para posibilitar o crecemento demográfico do noso municipio sexa sostido no tempo.

1.2 OBXECTIVOS INSTRUMENTAIS, OU DE SEGUNDO NIVEL.

Para a consecución dos obxectivos estratéxicos, establécense as seguintes liñas de actuación,

ou obxectivos de segundo nivel:

- A base nº 5 establece límites de renda aos beneficiarios/as/as.
- Esixir aos beneficiarios/as/as unha antigüidade mínima no Padrón de habitantes.

BASE 2.- RÉXIME XURÍDICO

O marco normativo polo que se rexerán as subvencións concedidas polo Concello de Ames está constituído polas leis e disposicións que se citan a continuación e polas súas normas de desenvolvemento, así como por cantas outras normas, legais ou regulamentarias, que conteñan prescricións relativas ás subvencións ou sexan susceptibles de produciren efectos no devandito ámbito:

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.
- Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.
- Regulamento (UE) nº 1407/2013, da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis.
- Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ames (Boletín Oficial da Provincia número 106, de 8 de xuño de 2026).
- Bases de execución do orzamento vixente do Concello de Ames.
- Ordenanza de impulso do uso do galego no Concello de Ames do 1 de xullo de 2006, BOP núm. 198 do 29 de agosto de 2006.

BASE 3.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN

Esta convocatoria ten por obxecto establecer os criterios e procedementos para a concesión de subvencións destinadas ao **apoio económico ás familias numerosas do Concello de Ames**.

BASE 4.- FINANCIAMENTO E CRÉDITOS ORZAMENTARIOS

O importe da consignación ascende a un total de 100.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria **2311.489.02** do orzamento municipal para o exercicio 2026.

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
06/08/2026 5F7367E3E1A5792D3CE5CF85E18BD81333F0F4D2
06/08/2026 B037CE7746E00042B821F27361C8D6743263E368

POSTO DE TRABALLO:
Secretaría accidental
Alcalde_Ames

NOME:
PARDO MARTINEZ, ROGELIO
GARCIA PIÑERO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2EC23EAC31D5E3449AB

O importe individual das subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria será de **1.200,00 €** por unidade de convivencia, agás as familias acolledoras en réxime de acollemento temporal que percibirán a contía proporcional equivalente ao tempo de duración do acollemento, e as familias monoparentais, cuxo importe ascenderá a **1.500,00 €** por unidade de convivencia.

No caso de que as solicitudes concedidas en aplicación dos criterios previstos nas presentes Bases superen o orzamento dispoñible no orzamento municipal para a presente convocatoria, o órgano xestor procederá á redución proporcional do importe individual da axuda ata alcanzar o importe máximo previsto.

BASE 5.- PERSOAS BENEFICIARIAS

Poderán optar a estas subvencións as unidades de convivencia que teñan fixada a súa residencia habitual no Concello de Ames que cumpran tanto os requisitos xerais como os específicos da convocatoria que se sinalan a continuación.

5.1. Unidade de convivencia aos efectos desta convocatoria

- Entenderase por **unidade de convivencia** o conxunto de persoas que convivan no mesmo marco físico e se atopen vinculadas coa persoa solicitante por matrimonio ou calquera outra forma de relación estable análoga á conxugal, por nacemento, adopción ou acollemento.
- Nos supostos de nulidade, separación ou divorcio dos proxenitores, a persoa beneficiaria da prestación será o pai/nai que teña a custodia dos fillos/as, de acordo co establecido no convenio regulador ou sentenza de separación, divorcio ou modificación de medidas. Os fillos/as deben formar parte da mesma unidade de convivencia que o proxenitor que teña a custodia, xustificándoo mediante o certificado de convivencia.

En caso de custodia compartida concederase unha única subvención ao proxenitor que a solicitase. No suposto de que ambos proxenitores tramitaran a solicitude por separado resolverase por orde de entrada da solicitude no Rexistro, inadmitíndose a trámite por este motivo a última solicitude.

- En ningún caso poderán ser beneficiarios/as os proxenitores privados da patria potestade dos seus fillos/as, ou se a curatela fora asumida por unha institución pública.

5.2. Requisitos xerais

Todos os integrantes da unidade de convivencia que soliciten as subvencións convocadas polo Concello de Ames deberán cumprir en todo caso os seguintes requisitos:

- a) Non estar incurso/as en ningún dos supostos aos que se refiren os apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións
- b) Estar ao corrente do cumprimento das obrigas coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello de Ames, con carácter previo á formalización da proposta motivada do órgano xestor.

De acordo co establecido no artigo 24.4 do Real Decreto 887/2006 a acreditación deste requisito realizarase mediante a presentación de declaración responsable de todos os membros da unidade de convivencia maiores de 18 anos, sen prexuízo do control posterior previsto no artigo 75.3 do regulamento de subvencións e artigo 9 das Bases da

convocatoria.

- c) *Non ter pendente a xustificación dalgunha subvención anterior, a non ser que lles fose concedida unha prórroga*

5.3. Requisitos específicos da convocatoria

Poderán ser beneficiarios/as das subvencións obxecto da presente convocatoria as unidades de convivencia que cumpran os seguintes requisitos específicos:

a) Residencia habitual no Concello de Ames:

A unidade de convivencia e todos os membros que figuren no título de familia numerosa deberán ter fixada a súa residencia habitual no Concello de Ames cun mínimo dun ano de antigüidade ininterrompido á data de formulación da solicitude.

No caso de que un dos proxenitores se atope traballando fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, e non figure empadroado neste municipio, deberá acreditarlo con copia do correspondente contrato de traballo e calquera outro documento que acredite a residencia efectiva (contrato de aluguer, etc).

No caso de familias monoparentais só se requirirá que figure empadroado cun ano de antigüidade o pai ou a nai que teña a custodia dos fillos/as.

No caso dos menores que teñan curador/a, requirirase que figure empadroado/a no padrón municipal o curador/a do menor.

b) Título de familia numerosa:

Estar en posesión do título de familia numerosa en vigor no momento da solicitude.

Os/as fillos/as que dean lugar á expedición do título de familia numero deberán ter nacido con anterioridade ou dentro do ano 2025.

Todos os fillos/as incluídos no título de familia numerosa deberán formar parte da unidade de convivencia.

No caso de que un mesmo menor dea lugar á expedición de dous títulos de familia numerosa, só se concederá esta axuda ao proxenitor que ostente a custodia deste menor ou menores.

c) Requisitos referidos á renda: As persoas solicitantes están obrigadas a presentar declaración do IRPF no exercicio 2025

A persoa solicitante está obrigada a presentar a Declaración do IRPF do exercicio 2025.

As unidades de convivencia deberán ter unha renda inferior aos seguintes límites máximos de ingresos netos:

N.º membros	3	4	5	6	7	8	+8
LÍMITE INGRESOS	14.108,01 €	16.734,20 €	18.990,57 €	21.168,97€	23.227,84€	25.274,65 €	1.803,73 € adicionais por membro

Entenderase por renda aos efectos da presente convocatoria a suma das casillas Base impoñible xeral e Base impoñible do aforro, do MOD. 100 da declaración anual do IRPF correspondente ao exercicio 2025. En caso de darse a circunstancia de que algún membro da unidade de convivencia distinto do solicitante non estea obrigado a presentar a declaración do IRPF, tomarase como ingreso da unidade de convivencia os ingresos que consten nas certificacións de imputacións, descontando as deducións reflicitadas na certificación, salvo que figure como contribuínte na declaración conxunta coa unidade de convivencia.

O importe abonado en concepto de alugueiro ou hipoteca pola residencia habitual deducirase dos ingresos netos da unidade familiar, cando esta sexa a única vivenda titularidade dos membros da unidade de convivencia. O límite máximo de dedución por este concepto ascende a 6.000 €/anuais

d) Requisitos referidos ao patrimonio:

A unidade de convivencia deberá contar cun patrimonio, excluída vivenda habitual, valorado nun importe inferior ao que se indica na seguinte táboa en función do número de membros.

Unidade de convivencia	Límite euros (Valor catastral)
3 membros	36.636,52
4 membros	44.777,96
5 membros	52.919,41
6 membros	61.060,86
7 membros	69.202,31
8 membros	77.343,76
+ de 8 membros	8.141,45 € por cada membro adicional

BASE 6.- GASTOS SUBVENCIONABLES

6.1. Gastos subvencionables

De acordo co previsto no artigo 30.7 da LXS, estas subvencións concédense en atención á concorrencia dunha determinada situación na persoa perceptora que pola súa natureza presume a necesidade de incurrir en gastos de carácter extraordinario, polo que non teñen como obxectivo o financiamento dun gasto concreto cuxa realización requira da previa individualización do mesmo, sen prexuízo dos controis que o Concello poida establecer para verificar a existencia das circunstancias que motivan a concesión da axuda.

6.2. Ámbito temporal

As condicións indicadas nestas bases deberán reunirse pola unidade de convivencia solicitante durante o exercicio 2025.

BASE 7.- COMPATIBILIDADES E EXCLUSIÓNS

As subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras que puideran obter as persoas beneficiarias doutras administracións públicas.

BASE 8.- PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

8.1. Publicidade da convocatoria

O extracto da convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña previa remisión do mesmo á Base de Datos Nacional de Subvencións, de conformidade co establecido nos artigos 17.3.b e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro Xeral de Subvencións.

As bases xunto coa convocatoria desta subvención publicaranse na páxina web do Concello de Ames e remitiranse tamén á Base de Datos Nacional de Subvencións.

8.2. Prazo de presentación

O prazo para presentar as solicitudes é dun mes a contar desde o día seguinte á publicación do estrato da convocatoria no BOP. En caso de rematar nun día inhábil, este prazo entenderase prorrogado ata o inmediato hábil seguinte.

8.3. Lugar de presentación

A solicitude, xunto coa documentación que corresponda, poderá presentarse:

- No Rexistro telemático a través da sede electrónica do concello (<https://sede.concellodeames.gal/GDCarpetaCiudadano/welcome.do>)
- Nas oficinas de asistencia en materia de rexistro do Concello de Ames localizadas na casa do Concello en Bertamiráns e na oficina municipal do Milladoiro.
- A través de calquera outro dos medios ao que se refira o artigo 16 da Lei 39/2015 do 1 de Outubro de Procedemento Administrativo Común das AAPP.

8.4. Documentación

As solicitudes deberán achegarse nos modelos normalizados que figuran como anexos ás presentes bases:

ANEXO 1	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN A solicitude deberá achegarse no modelo normalizado (Anexo 1), subscrito en representación da unidade familiar por calquera dos proxenitores ou titor/es, que teñan atribuídas as funcións relativas ó exercicio da patria potestade dos menores ou membros da familia que figuren no título de familia numerosa. Xunto con este anexo, <u>os solicitantes deberán achegar a seguinte documentación:</u> 1) DNI/NIF ou calquera outro documento acreditativo da identidade da persoa solicitante e de todos os membros da unidade de convivencia maiores de 18 anos. 2) Título de familia numerosa en vigor. 3) Declaración do IRPF, modelo 100, correspondente ao exercicio 2025 da persoa solicitante.
----------------	---

	4) <i>Certificación da Dirección Xeral do Catastro relativa á titularidade de bens inmobles das persoas maiores de 18 anos que formen parte de unidade de convivencia que non teñan presentado a declaración do RPF, modelo 100, correspondente ao exercicio 2025</i> 5) <i>Documento bancario no que teña que efectuarse o ingreso da subvención, con indicación do titular da conta bancaria, que deberá coincidir coa persoa solicitante da axuda.</i> 6) <i>De ser o caso, auto de medidas provisionais, sentenza de nulidade, separación, divorcio e do convenio regulador ou sentenza de modificación de medidas.</i> 7) <i>De ser o caso, documento que acredite a condición de curador do menor ou acolledor.</i> 8) <i>De ser o caso, certificación de monoparentalidade.</i> 9) <i>De ser o caso, xustificantes do pago de aluguer da vivenda ou xustificante do pago de hipoteca do ano 2025. Esta deberá ser emitida pola entidade de crédito correspondente, especificando a contía total amortizada e o concepto (vivenda habitual), ou calquera outro documento que acredite tal condición (escritura de compravenda, etc)</i> 10) <i>De ser o caso, contrato de traballo ou calquera outro documento que acredite a residencia efectiva cando un dos proxenitores por razóns de traballo resida fóra da Comunidade Autónoma de Galicia.</i>
ANEXO 2	<i>Autorización tributaria para a cuantificación da capacidade económica da unidade de convivencia (Anexo 2)</i> <i>A persoa interesada quedará exenta de aportar copia da última autoliquidación do IRPF presentada (correspondente ao exercicio 2025), de cada un dos membros maiores de 18 anos que formen parte da unidade de convivencia, mediante a sinatura do anexo 2 de autorización tributaria.</i> <i>No caso das vítimas de violencia de xénero (feito que se acreditará mediante a presentación da sentenza ou orde de afastamento correspondente) eximirase da presentación da autorización ou declaración do IRPF do agresor.</i> <i>A documentación aportada deberá ser orixinal.</i>
ANEXO 3	<i>Declaración responsable (Anexo 3)</i> <i>Asinada por todos os membros maiores de 18 anos que formen parte da unidade de convivencia.</i>

Deberá presentarse solicitude para cada ocasión ou exercicio no que se pretenda obter unha axuda. O feito de presentar unha solicitude para un exercicio non implicará que se considere presentada para exercicios posteriores.

BASE 9.- COMPROMISOS E OBRIGAS DOS/DAS BENEFICIARIOS/AS

9.1. Compromisos e obrigas xerais

As persoas beneficiarias das subvencións obxecto desta convocatoria estarán obrigadas a:

- a) *Comunicar por escrito e motivadamente no prazo máximo dun mes desde a notificación /publicación da concesión da subvención calquera modificación dos datos identificativos do proxecto ou dos aspectos substanciais dos obxectivos do mesmo, para a súa aprobación.*
- b) *Proporcionar ao servizo xestor e instrutor do expediente a información funcional, económica e estatística que se lle requira a efectos do seguimento, avaliación e planificación, así coma facilitar a realización de cantas visitas de recoñecemento se consideren necesarias.*
- c) *Reintegrar os fondos percibidos nos supostos que procedan.*

BASE 10.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

A concesión da subvención realizarase en réxime de concorrència competitiva.

10.1. Instrución

1. *A instrución do procedemento de concesión das subvencións corresponde á Concellaría delegada en materia de Servizos Sociais, que terá o carácter de órgano instrutor aos efectos indicados na normativa reguladora das subvencións públicas.*
2. *O órgano instrutor realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución.*
3. *De conformidade co disposto no artigo 24.3 da Lei Xeral de Subvencións, as actividades de instrución comprenderán as que se indican a continuación:*
 - *Petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos por esta convocatoria específica e as demais normas que regulan esta subvención.*
 - *Avaliación das solicitudes ou peticións, efectuadas de conformidade cos criterios, formas e prioridades de valoración establecidos na base seguinte.*
4. *Se a solicitude de subvención non reúne os requisitos establecidos por esta convocatoria, incluído o defecto, erro ou ausencia nos datos da solicitude e/ou na documentación presentada, o órgano instrutor requirirá ao interesado para que emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, no prazo máximo de 10 días hábiles, indicándolle que se non o fixera se lle terá por desistido da súa solicitude, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, en calquera fase do procedemento anterior á proposta de resolución, poderase requirir á entidade ou agrupación solicitante que achegue a información e documentación aclaratoria e complementaria que se considere conveniente para a correcta definición, avaliación e comprobación da solicitude presentada.
5. *O órgano instrutor deberá emitir informe no que conste que da información que obra no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións reguladas nesta convocatoria.*

6. O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da Comisión Avaliadora, formulará a proposta de resolución debidamente motivada.

10.2. Comisión Avaliadora

A Comisión Avaliadora estará integrada polos seguintes membros:

Presidente/a:	- A persoa titular da Concellería delegada da Área de Servizos Sociais
Vogais	- Dúas/dous técnicas/os do departamento de Benestar Social
Secretario/a	- Un/ha funcionario/a de Servizos Sociais

10.3 Criterios de valoración das solicitudes

A selección das peticións limitarase á verificación do cumprimento da situación que constitúe o obxecto da subvención mediante a comprobación da documentación presentada.

10.4 Determinación do importe da subvención concedida: contía individualizada

O importe individual das subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria será de 1.200,00 € por unidade de convivencia, agás as familias acolledoras en réxime de acollemento temporal que percibirán a contía proporcional equivalente ao tempo de duración do acollemento e as familias monoparentais que percibirán 1.500,00 €

No caso de que as solicitudes concedidas en aplicación dos criterios previstos nas presentes Bases superen o orzamento dispoñible no orzamento municipal para a presente convocatoria, o órgano xestor procederá á redución proporcional do importe individual da axuda ata alcanzar o importe máximo previsto.

10.5. Resolución provisional e resolución definitiva

O servizo instrutor realizará proposta motivada, na que expresará a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención e a súa contía. A resolución de concesión deberá conter a relación das solicitudes estimadas, desestimadas, desistidas e non admitidas a trámite.

Á vista da proposta de resolución de concesión, a Alcaldía ou o órgano a favor do cal a Alcaldía efectuase a correspondente delegación, ditará resolución de concesión provisional, que deberá ser notificada ás persoas interesadas, concedéndolles un prazo de dez días hábiles para presentaren, se así o consideran oportuno, a desistencia da solicitude ou as alegacións que estimen oportunas. No caso de non formular desistencia expresa, a subvención entenderase aceptada tacitamente.

As resolucións que estimen as solicitudes expresarán en relación con cada unha delas o obxecto da subvención outorgada e a contía concedida. As que desestimen as solicitudes ou as inadmitan a trámite motivarán debidamente esta circunstancia.

As alegacións que, de ser o caso, presenten as persoas interesadas, deberán ser estudadas polo órgano instrutor e, unha vez emitido o correspondente informe-proposta, remitiranse ao órgano interventor para a súa fiscalización.

Logo da preceptiva fiscalización do órgano interventor sobre a proposta definitiva realizada polo servizo instrutor, a Alcaldía ou o órgano a favor do cal a Alcaldía efectuase a correspondente delegación, ditará resolución definitiva.

A falta de resolución expresa en prazo implicará a desestimación da solicitude de subvención, sen prexuízo do indicado no artigo 24 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

10.6. Prazo de resolución e notificación

A súa resolución notificaráselle a todos os solicitantes no prazo máximo de 6 meses desde o remate do prazo de presentación de solicitudes, expresando, de xeito motivado, se foi concedida ou denegada a solicitude, para os efectos de posibles recursos.

A notificación efectuarase nos termos establecidos no artigo 42 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

10.7. Recursos

A resolución ditada porá fin á vía administrativa e contra a mesma caberá interpor ben recurso contencioso-administrativo, ou ben, potestativamente e con carácter previo a este, recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou.

A presentación do recurso de reposición poderá efectuarse no prazo sinalado no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (un mes desde a notificación da resolución de concesión da subvención).

A interposición do recurso contencioso administrativo poderá efectuarse no prazo indicado no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-administrativa (dous meses desde a notificación da resolución de concesión da subvención).

10.8. Aceptación ou renuncia á subvención

No prazo de dez (10) días naturais seguintes ao da notificación da resolución, os/as beneficiarios/as das subvencións deberán comunicarlle ao Concello de Ames, por escrito, a aceptación ou renuncia á mesma. Se transcorrido ese prazo non se fixese manifestación expresa en ningún sentido, entenderase tacitamente aceptada a subvención concedida.

BASE 11.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

De acordo co previsto no artigo 30.7 da LXS, estas subvencións concédense en atención á concorrencia dunha determinada situación na persoa perceptora, polo que non requirirán doutra xustificación que a acreditación polos medios indicados na base 5ª. En todo caso a devandita situación ha de ser previa á concesión, sen prexuízo dos controis que o Concello poida establecerse para verificar a súa existencia.

Logo do preceptivo informe de fiscalización do órgano interventor, ditarase a resolución de pagamento das subvencións concedidas.

Emitida resolución de pagamento, a tesourería preparará a orde de transferencia correspondente a prol da conta bancaria designada polo/a beneficiario/a.

BASE 12.- REINTEGRO DA SUBVENCIÓN

As subvencións serán reintegradas nos supostos previstos no artigo 37 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

BASE 13.- RÉXIME SANCIONADOR

A persoa beneficiaria quedará sometida ás responsabilidades e réxime sancionador disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións e, se é o caso, ao disposto no Código Penal, así como ás responsabilidades e réxime sancionador disposto na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ames.

BASE 14.- ÓRGANOS DE CONTROL DAS SUBVENCIONES CONCEDIDAS

As persoas beneficiarias de subvencións concedidas polo Concello quedarán obrigadas a someterse aos procedementos de controis ou auditoría que realicen polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras a Intervención municipal, o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas e calquera outro órgano de control interno ou externo, nacional ou europeo.

BASE 15.- CONTROL POSTERIOR POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL

O control posterior das subvencións concedidas axustarase ao que cada ano se recolla no Plan Anual de Control Financeiro aprobado polo órgano interventor.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.- PUBLICACIÓN DAS SUBVENCIONES CONCEDIDAS E INCORPORACIÓN AO REXISTRO PUBLICO DE SUBVENCIONES

Para os efectos da salvagarda do dereito dos participantes na presente convocatoria á protección dos seus datos de carácter persoal, nos termos previstos na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, faise constar que os datos das subvencións concedidas quedarán incorporados ao rexistro público de subvencións, nos seguintes termos:

- a) *En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación dos beneficiarios/as serán remitidos á Intervención Xeral da Administración do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.*

A cesión de datos de carácter persoal que, en virtude do contido no citado artigo debe efectuarse, á Intervención Xeral da Administración do Estado non requirirá o consentimento do afectado.

Segundo o artigo 30 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a publicidade das subvencións realizarase de acordo co establecido para a publicidade de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

- b) *En cumprimento do disposto no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello facilitará á Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia información sobre as subvencións xestionadas polo Concello, nos termos previstos regulamentariamente.*

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA.- PROTECCIÓN DE DATOS

O Concello de Ames é o responsable do tratamento dos datos persoais recadados nesta convocatoria. Os datos serán tratados coa finalidade específica de tramitar a convocatoria de

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
06/08/2026 5F7367E3E1A5792D3CE5CF8E18BD81333F0F4D2
06/08/2026 B037CE7746E00042B821F27361C8D6743263E368

POSTO DE TRABALLO:
Secretaría accidental
Alcalde_Ames

NOME:
PARDÓ MARTÍNEZ, ROGELIO
GARCÍA PIÑEIRO, JOSÉ BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2EC23EAC31D5E3449AB

subvencións destinadas ao apoio económico ás familias numerosas do Concello de Ames, exercicio 2026, verificar os datos achegados e dar publicidade ao resultado.

A lexitimación do tratamento está baseada nunha misión realizada en interese público fundamentada na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o cumprimento dunha obriga legal recollida na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os datos da subvención concedida e a identificación dos/das beneficiarios/as serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no artigo 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións. Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello facilitará á Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia información sobre as subvencións xestionadas polo Concello, nos termos previstos regulamentariamente.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís ou retirar o consentimento outorgado, mediante solicitude por escrito presentada no rexistro municipal do Concello (Praza do Concello, nº 2, 15.220, Bertamiráns - Ames) ou por calquera outro rexistro dos establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, e na que especificará cal destes solicita sexa satisfeito. A retirada do consentimento non afectará á licitude do tratamento baseada no consentimento previo á súa retirada.

Máis información en <https://www.concellodeames.gal/gl/atencion-cidada/proteccion-datos-personais>

DISPOSICIÓN FINAL

Para o non previsto nesta convocatoria serán de aplicación as normas incluídas na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ames, nas Bases de execución do orzamento xeral do Concello, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no seu Regulamento e na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

CONVOCATORIA DE AXUDAS DESTINADAS AO APOIO ECONÓMICO ÁS FAMILIAS NUMEROSAS DO CONCELLO DE AMES. EJERCICIO 2026	
ANEXO 1	
SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN	

Nome e apelidos	NIF
Enderezo	Municipio
Tfno.	Enderezo electrónico
REPRESENTANTE (NO SEU CASO)	NIF
Enderezo	Tfno.

--	--

DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Notifíquese a:

☐ *Persoa solicitante*
☐ *Persoa representante*

Enviaranse avisos de posta a disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a continuación:

TELÉFONO MÓBIL

CORREO ELECTRÓNICO

ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE

As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos sen que sexa válida para elas, nin produza efectos, unha opción diferente.

☐ *Electrónica a través da Sede Electrónica do Concello de Ames*

(<https://sede.concellodeames.gal/es/>)

Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.

☐ *Postal*

As notificacións que se practiquen en papel estarán tamén a disposición da persoa indicada anteriormente na Sede Electrónica do Concello de Ames (<https://sede.concellodeames.gal/es/>), para que poida acceder ao seu contido de forma voluntaria.

UNIDADE DE CONVIVENCIA

Nome e apelidos:	Data de nacemento:
NIF:	Parentesco coa persoa solicitante:
Nome e apelidos:	Data de nacemento:
NIF:	Parentesco coa persoa solicitante:
Nome e apelidos:	Data de nacemento:
NIF:	Parentesco coa persoa solicitante:
Nome e apelidos:	Data de nacemento:
NIF:	Parentesco coa persoa solicitante:
Nome e apelidos:	Data de nacemento:
NIF:	Parentesco coa persoa solicitante:
Nome e apelidos:	Data de nacemento:
NIF:	Parentesco coa persoa solicitante:

Nome e apelidos.	Data de nacemento:
NIF:	Parentesco coa persoa solicitante:

Tendo coñecemento da convocatoria das axudas promovida polo Concello de Ames destinadas ao apoio económico ás familias numerosas, correspondente ao exercicio 2026

SOLICITO: Que me sexa concedida unha axuda económica ao abeiro da mesma.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Concello de Ames
Finalidades do tratamento	A finalidade específica desta convocatoria é levar a cabo a tramitación administrativa que derive da convocatoria das axudas destinadas ao apoio económico ás familias numerosas do Concello de Ames, verificar os datos achegados e dar publicidade ao resultado.
Lexitimación para o tratamento	Cumprimento dunha misión realizada en interese público fundamentada na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o cumprimento dunha obriga legal recollida na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
Destinatarios dos datos	Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal. Base de Datos Nacional de Subvencións e Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís ou retirar o consentimento outorgado, mediante solicitude por escrito presentada no rexistro municipal do Concello (Praza do Concello, nº 2, 15.220, Bertamiráns - Ames) ou por calquera outro rexistro dos establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, e na que especificará cal destes solicita sexa satisfeito. A retirada do consentimento non afectará á litude do tratamento baseada no consentimento previo á súa retirada.
Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional	https://www.concellodeames.gal/gl/atencion-cidada/proteccion-datos-persoais

Nota.- IMPORTANTE: Xunto con este anexo, as persoas solicitantes deberán achegar igualmente toda a documentación sinalada na base 8ª da convocatoria.

Ames, _____ de _____ de 2026
SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE

CONVOCATORIA DE AXUDAS DESTINADAS AO POIO ECONÓMICO ÁS FAMILIAS NUMEROSAS DO CONCELLO DE AMES. EXERCICIO 2026
ANEXO 2
AUTORIZACIÓN TRIBUTARIA

Nome e apelidos	NIF
-----------------	-----

En relación á solicitude de subvención formulada ao Concello de Ames ao abeiro da convocatoria sinalada no encabezamento deste documento, e de conformidade co previsto no artigo 28.2 da Lei

39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, na redacción dada pola Disposición Final Duodécima da L.O. 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos Personais e Garantía dos dereitos dixitais as persoas abaixo asinantes, como únicas integrantes maiores de idade da unidade familiar, autorizamos ao Concello para solicitar da Axencia Estatal da Administración Tributaria e a Seguridade Social a información tributaria que precise en relación á solicitude formulada para a concesión da prestación solicitada, e en especial para comprobar o cumprimento dos requisitos sinalados na base 5 da convocatoria.

CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS TRIBUTARIOS OU OUTROS CUXA LEXISLACIÓN ESPECÍFICA REQUIRA O CONSENTIMENTO EXPRESO	
<i>A consulta dos documentos relacionados a continuación deberá ser obxecto de autorización expresa</i>	
No caso de que as persoas interesadas non marquen o recadro de autorización expresa, deberán achegar os certificados actualizados que acrediten estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, fronte á Seguridade Social ou o Concello de Ames ou outra documentación cuxa comprobación non autorice.	AUTORIZO A CONSULTA
<i>Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT).</i>	☐ SI ☐ NON
<i>Estar ao corrente de pagamento coas obrigacións fronte á Seguridade Social</i>	☐ SI ☐ NON
<i>Estar ao corrente de pagamento coas obrigacións tributarias e demais ingresos de dereito público do Concello de Ames</i>	☐ SI ☐ NON

Asinado (TODOS OS MEMBROS da unidade de convivencia maiores de 18 anos, INCLUÍDO A PERSOA QUE ASINE O ANEXO 1):

Nome e apelidos	NIF	Sinatura
Persoa solicitante		

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Concello de Ames
Finalidades do tratamento	A finalidade específica desta convocatoria é levar a cabo a tramitación administrativa que derive da convocatoria das axudas destinadas ao apoio económico ás familias numerosas do Concello de Ames, verificar os datos achegados e dar publicidade ao resultado.
Lexitimación para o	Cumprimento dunha misión realizada en interese público fundamentada na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos

tratamento	sociais de Galicia e na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o cumprimento dunha obriga legal recollida na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
Destinatarios dos datos	Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal. Base de Datos Nacional de Subvencións e Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís ou retirar o consentimento outorgado, mediante solicitude por escrito presentada no rexistro municipal do Concello (Praza do Concello, nº 2, 15.220, Bertamiráns - Ames) ou por calquera outro rexistro dos establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, e na que especificará cal destes solicita sexa satisfeito. A retirada do consentimento non afectará á litude do tratamento baseada no consentimento previo á súa retirada.
Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional	https://www.concellodeames.gal/gl/atencion-cidada/proteccion-datos-persoais

Ames, _____ de _____ de 2026

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE

**CONVOCATORIA DE AXUDAS DESTINADAS AO APOIO ECONÓMICO ÁS FAMILIAS
NUMEROSAS DO CONCELLO DE AMES. EJERCICIO 2026**

ANEXO 3

DECLARACIÓN RESPONSABLE.

Nome e apelidos	NIF
-----------------	-----

As persoas abaixo asinantes, como únicas integrantes maiores de idade da unidade familiar.

Aos efectos do previsto no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e do artigo 24 do Real decreto 887/06, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

En relación á solicitude dunha subvención do Concello de Ames ao abeiro da convocatoria sinalada no encabezamento deste documento, formulamos a seguinte

DECLARACIÓN RESPONSABLE:

1. Que aceptamos as bases da convocatoria.
2. Que estamos ao corrente das nosas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e co Concello de Ames e non estamos incursos en ningunha outra causa que supoña ou poida supoñer obstáculo legal para o seu acceso á condición de beneficiario/a dunha subvención ao abeiro da presente convocatoria, comprometéndonos a manter esta situación ate a completa resolución do expediente.
3. Que non obstante o anterior, e de conformidade co previsto no artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, na redacción dada pola Disposición Final Duodécima da L.O. 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e Garantía dos dereitos dixitais autorizamos ao Concello de Ames para comprobar a veracidade da anterior declaración tanto na Axencia Estatal da Administración Tributaria, Deputación como na Tesourería Xeral da Seguridade Social.

4. Que de conformidade co previsto no artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, na redacción dada pola Disposición Final Duodécima da L.O. 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e Garantía dos dereitos dixitais autorizamos ao Concello de Ames a comprobar de oficio os datos do Padrón municipal a efectos de verificar o cumprimento do requisito de antigüidade de empadramento no Concello.
5. Que nos sometemos ás actuacións de comprobación e á achega da documentación que o Concello de Ames poida acordar para comprobar o cumprimento das circunstancias requiridas para o acceso a unha subvención ao abeiro desta convocatoria.
6. **A falsidade da presente declaración pode implicar a perda por prazo de ata cinco anos da posibilidade de obter subvencións, axudas públicas e avais das administracións públicas ou outros entes públicos, en aplicación do previsto no artigo 58 a) en relación ao artigo 59.3a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.**

Asinado (membros da unidade de convivencia maiores de 18 anos, incluída a persoa solicitante):

Nome e apelidos	NIF	Sinatura
Persoa solicitante		

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
06/08/2026 5F7367E3E1A5792D3CE5CF85E18BD81333F0F4D2
06/08/2026 B037CE7746E00042B821F27361C8D6743263E368

POSTO DE TRABALLO:
Secretaría accidental
Alcalde_Ames

NOME:
PARDO MARTINEZ, ROGELIO
GARCIA PIÑERO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220DOC2EC23EAC31D5E3449AB

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Concello de Ames
Finalidades do tratamento	A finalidade específica desta convocatoria é levar a cabo a tramitación administrativa que derive da convocatoria das axudas destinadas ao apoio económico ás familias numerosas do Concello de Ames, verificar os datos achegados e dar publicidade ao resultado.
Lexitimación para o tratamento	Cumprimento dunha misión realizada en interese público fundamentada na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o cumprimento dunha obriga legal recollida na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
Destinatarios dos datos	Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal. Base de Datos Nacional de Subvencións e Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís ou retirar o consentimento outorgado, mediante solicitude por escrito presentada no rexistro municipal do Concello (Praza do Concello, nº 2, 15.220, Bertamiráns - Ames) ou por calquera outro rexistro dos establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, e na que especificará cal destes solicita sexa satisfeito. A retirada do consentimento non afectará á litude do tratamento baseada no consentimento previo á súa retirada.
Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional	https://www.concellodeames.gal/gl/atencion-cidada/proteccion-datos-persoais

Ames, _____ de _____ de 2026
SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE

E para que conste e produza os efectos oportunos, expido a presente certificación co visto e praxe do alcalde, advertindo que a acta da sesión correspondente está pendente de aprobación. A data será a da sinatura dixital.

Visto praxe

O alcalde

José Blas García Piñeiro

O secretario accidental

José Rogelio Pardo Martínez

